



EXPEDIENTE NÚMERO: 2021/TRIBUNAL/000021

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO (UNHA DELAS RESERVADA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE XERAL) DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C, SUBGRUPO C1, INCLUÍDAS NA AMPLIACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020, POLA QUENDA LIBRE

RESULTADO DO TERCEIRO EXERCICIO.- Reunido o Tribunal Cualificador, o 23 de xuño de 2021, para proceder á cualificación do terceiro exercicio, sobre coñecemento do idioma galego, puntuándose este exercicio de cero (0) a tres (3) puntos, o resultado foi o seguinte:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NOTAS
MUNAIZ	ALONSO	MERCEDES	2,985
NEILA	ROUCO	NOELIA	2,985

RECURSOS.- Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados, como son a asignación de puntuacións e a declaración de non aptos nos exercicios, poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira delegada do servizo de persoal e cultura), no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente e este o sexa consonte a dereito.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO E CONVOCATORIA PARA O CUARTO EXERCICIO.- O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra, a relación coas cualificacións obtidas polas persoas aspirantes, convocando as persoas candidatas que figuran na lista para a realización do cuarto exercicio escrito, obrigatorio e eliminatorio consistente no desenvolvemento por escrito da redacción dun ou varios supostos prácticos de carácter procedemental e administrativo que determinará o Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, relativo ás tarefas administrativas propias da subescala, **o día 29 de xuño de 2021, ás 8:30 horas no seminario 8 do Pazo da Cultura** sito na rúa Alexandre Bóveda s/n, en Pontevedra.

Infórmase ás persoas aspirantes que unha vez finaliza a proba escrita, procederase no mesmo día, de seguido, á lectura obrigatoria do exercicio ante o Tribunal, en sesión pública.

A Secretaria do Tribunal, en Pontevedra na data da sinatura electrónica

